



Asociación de Desenvolvemento
da Comarca de Bergantiños

ESTATUTOS

Asociación de Desenvolvemento da Comarca de Bergantiños A.D. Bergantiños

TÍTULO I. DENOMINACIÓN E RÉXIME LEGAL

Artigo 1.-

Constituíuse a Asociación de desenvolvemento da Comarca de Bergantiños A. D. Bergantiños como unha entidade que se rexerá polo artigo 22 da Constitución e polo disposto na Lei 1/2002, do 22 de marzo, polos presentes estatutos e regulamento de réxime interno, no seu caso, así como polos acordos validamente adoptados pola súa Asemblea Xeral e órganos directivos dentro da esfera da súa respectiva competencia.

Artigo 2.-

A Asociación carece de ánimo de lucro.

Artigo 3.-

Esta Asociación, unha vez inscrita no rexistro correspondente, terá personalidade xurídica propia e disporá de plena capacidade de obrar para o cumprimento dos seus fins.

TÍTULO II. DOMICILIO SOCIAL E ÁMBITO DE ACTUACIÓN

Artigo 4.-

A Asociación fixa o domicilio social en A Camposa s/n, Buño, no Concello de Malpica de Bergantiños. Poderanse crear locais sociais noutras localidades mediante acordo da Xunta Directiva, que tamén terá facultades para poder cambiar tanto o domicilio principal como o resto dos locais.

Artigo 5.-

A Asociación terá como ámbito de actuación o dos Concellos de Cabana de Bergantiños, Carballo, Coristanco, Laracha, Laxe, Malpica de Bergantiños e Ponteceso, na provincia de A Coruña, e que constitúen a Comarca de Bergantiños, dentro da Comunidade Autónoma de Galicia.

TÍTULO III. OBXECTIVOS E ACTIVIDADES

Artigo 6.-

A Asociación ten como finalidade a xestión de iniciativas e programas de desenvolvemento rural. Para iso terá en conta:

- a) Servir de núcleo de integración e representación dos diferentes axentes territoriais, institucionais, sociais, económicos..., tanto públicos como privados, interesados en promover o desenvolvemento do territorio.

Sinaturas



- b) Vertebra-los diferentes sectores socioeconómicos e constituir un foro de debate continuo sobre as distintas problemáticas da zona, prestando especial atención ós xoves, as mulleres e á creación de emprego.
- c) Sensibiliza-las Administracións Locais, Autonómica, Estatal, así como ás Institucións Comunitarias Europeas, canalizando as demandas da poboación do territorio, ó obxecto de optimiza-lo aproveitamento dos recursos endóxenos da zona de cara ó seu desenvolvemento harmónico e integral.
- d) Ser centro receptor e distribuidor de toda a información relativa ó eido do desenvolvemento local e rexional, tanto a nivel nacional coma internacional, centrándose esta labor principalmente no coñecemento dos recursos e promoción de proxectos e iniciativas de interese para lograr un desenvolvemento harmónico, equilibrado, endógeno, sostible e integral.
- e) Posibilitar entre os asociados e outros interesados o intercambio de experiencias e metodoloxías de animación e desenvolvemento sociocultural.
- f) Potenciar, revalorizar e preservar os recursos naturais e culturais da zona.
- g) Concienciar á poboación da necesidade de protexe-lo medioambiente e tomar parte activa nilo, mediante actividades orixinais e innovadoras.
- h) Formular e transmitir á poboación a estratexia adecuada para lograr o desenvolvemento da zona, así como promove-la súa aplicación.
- i) Conseguir articular unha dinámica de participación que facilite o desenvolvemento tanto social como económico.

Para acadar ditos obxectivos, a Asociación poderá desenvolver as seguintes actividades:

- a) Desenvolver posibles iniciativas para intentar frear ó éxodo rural, así como para fomenta-lo emprego.
- b) Sensibiliza-lo tecido social da comarca sobre a problemática, recursos, accións e proxectos que contribúan ós seus intereses de desenvolvemento.
- c) Organizar, promover, coordinar e realizar todo tipo de actividades socioculturais, tales como seminarios, conferencias, xornadas, investigacións e estudos relativos ós problemas de desenvolvemento da comarca, así como editar, no seu caso, todo tipo de material en soporte escrito, audiovisual ou informático, de carácter especializado, didáctico ou, simplemente, divulgativo.
- d) Solicitar ante calquera instancia e executar, no seu caso, a realización de calquera programa ou proxecto relacionado cos obxectivos da Asociación.
- e) Proxectar, preparar e executar cantas accións ou actividades sexan necesarias para acadar unha axeitada formación e posta ó día permanente de tódolos colectivos vinculados ó desenvolvemento e, especialmente, dos membros da Asociación.
- f) Promove-lo intercambio de experiencias e metodoloxías de traballo, así como a busca de liñas de actuacións conxunta con entidades análogas, nacionais ou internacionais.
- g) Levar a cabo as campañas de difusión e publicidade que se estimen necesarias e que os medios permitan.
- h) Realizar cantas actividades podan resultar necesarias e/ou consecuentes coas anteriores.
- i) Recoller, tratar, difundir e intercambiar documentación e información relativa ó desenvolvemento rural a través da constitución dun centro adecuado para esta función.



TÍTULO IV: DOS SOCIOS

Artigo 7.-

1.- A Asociación de Desenvolvemento da “Comarca de Bergantiños”- A. D. Bergantiños estará integrada por un por un conxunto equilibrado e representativo dos interlocutores dos diferentes sectores socioeconómicos, tanto públicos como privados, con arraigo no ámbito de actuación da asociación, debendo ter tamén un carácter equilibrado e representativo no plano territorial. Non poderán formar parte da asociación as persoas físicas e as sociedades mercantís, excepto as seguintes entidades de economía social: cooperativas, sociedades agrarias de transformación e sociedades laborais. Rexerá o principio de portas abertas, de xeito que se garanta permanentemente a incorporación de asociados.

2.- A efectos da adopción de decisións, o sector privado, constituído polos axentes económicos e sociais así como os representantes da sociedade civil, deberá representar máis do 50 % dos votos en tódolos órganos de decisión.

3.- Para adquiri-la condición de socio haberá que manifestar, mediante o correspondente escrito dirixido ó Presidente, a súa vontade expresa de adherirse á mesma e de comprometerse coa consecución dos fins estatutarios, xuntando a documentación que sexa precisa para acreditar-la súa condición.

4.- Cando o solicitante non teña o seu domicilio social na Comarca de Bergantiños, deberá demostrar que desenvolve uha actividade relevante e consolidada no tempo en dito ámbito. As solicitudes realizadas con posterioridade á aprobación da presente redacción dos estatutos, deberá acreditar un ano de actividade na Comarca de Bergantiños para poder adquiri-la condición de socio.

5.- O Presidente trasladará a solicitude á Xunta Directiva, que deberá resolver nun prazo non superior a dous meses dende a data de presentación, adscribindo ó solicitante á unha das Mesas Sectoriais segundo o seu interese preferente. Contra o acordo denegatorio da admisión o solicitante poderá recorrer perante a primeira Asemblea Xeral que se celebre, debendo figura-lo asunto expresamente na Orde do Día da mesma.

6.- Non se adquiere a condición de socio mentres non se satisfaga a cota de entrada que estableza a Xunta Directiva.

Artigo 8.-

Perderase a condición de socio:

1º.- Por decisión voluntaria do socio, comunicada por escrito ó Presidente.

2º.- Por sanción imposta pola Xunta Directiva por incumprimento das obrigas inherentes á condición de socio. O acordo de expulsión notificarase por escrito pola Xunta Directiva e contra el caberá recurso ante a primeira Asemblea Xeral que se realice.

3º.- A baixa por calquera motivo da Asociación, non exime ó socio de satisfacer-las obrigas e compromisos de calquera natureza que tivera pendentes.

4º.- Por extinción da persoa xurídica.

Artigo 9.-

Os socios teñen os seguintes dereitos:

- a) Elixir e ser elixidos para formar parte da Xunta Directiva e/ou doutros órganos que se poidan crear.
- b) Participar con voz e con voto na Asemblea Xeral.
- c) Aprobar, se procede, en Asemblea, o balance do exercicio e mailo orzamento anual.

Sinaturas



Asociación de Desenvolvemento
da Comarca de Bergantiños

- d) Obter información sobre calquera aspecto da marcha da Asociación que lle poda resultar de interese.
- e) Os demais que resulten das normas legais e dos estatutos da Asociación, ou dos acordos validamente adoptados polos seus órganos sociais.

Artigo 10.-

Son obrigas dos socios:

- a) Satisface-la cota de entrada e a de mantemento.
- b) Asistir ás asembleas Xerais e acata-los acordos validamente adoptados polos órganos sociais.
- c) Ocupa-los cargos para os que resulten elixidos e desempeñar fielmente as obrigacións inherentes a ditos cargos.
- d) Participar e realizar cantas tarefas lles sexan encomendadas pola Asemblea Xeral, a Xunta Directiva ou outros órganos que se puideran crear.
- e) Cumpri-los demais deberes que resulten dos preceptos legais e estatutarios ou dos acordos validamente adoptados polos seus órganos sociais.

TÍTULO V: ÓRGANOS DA ASOCIACIÓN

Artigo 11.-

A Asociación terá como órganos:

- a) A Asemblea Xeral.
- b) A Xunta Directiva.
- c) As Mesas Sectoriais.
- d) A Comisión Permanente.

Artigo 12.-

1.- O órgano supremo da Asociación é a Asemblea Xeral, integrada por tódolos socios que adoptará acordos por maioría simple dos votos presentes ou representados, e que deberá ser convocada ó menos, en sesión ordinaria, unha vez ó ano para a aprobación das contas e orzamentos, e en sesión extraordinaria, segundo o establecido nos presentes estatutos.

2.- Cada socio terá dereito a un voto.

Artigo 13.-

Emporiso o disposto no apartado 1 do artigo anterior, requirirase o voto das dúas terceiras partes dos socios presentes ou representados para decidir sobre os seguintes asuntos:

- a) Nomeamento e cesamento anticipado dos membros da Xunta Directiva.
- b) Aprobación e modificación dos estatutos sociais.
- c) Disolución da Asociación.
- d) Disposición ou alleamento de bens.
- e) Constitución de Federacións ou integración nelas.
- f) Aprobación de regulamentos de réxime interior, no seu caso.

Sinaturas



Artigo 14.-

- 1.- A Asemblea Xeral poderá ter carácter ordinario ou extraordinario.
- 2.- Reunirse a Asemblea con carácter ordinario unha vez ó ano, en virtude de convocatoria do presidente por escrito expresando lugar, día e hora, e con oito días de antelación, polo menos, da data de realización daquela, achegando á convocatoria a orde do día, podendo así mesmo facerse constar si procedera a data e a hora en que se reunirá en segunda convocatoria, sen que entre unha e outra poida mediar un prazo inferior a media hora.
- 3.- A Asemblea Xeral reunirse con carácter extraordinario á convocatoria da Xunta Directiva, por propia iniciativa ou a petición dun tercio dos asociados. A convocatoria deberá efectuarse cunha antelación mínima de oito días, e non poderá tratar doutros asuntos que aqueles para os que se convocou.
- 4.- De cada unha das reunións realizadas levantarase a correspondente acta que certificará o secretario, co visto bo do Presidente.

Artigo 15.-

- 1.- As Asembleas Xerais, tanto ordinarias coma extraordinarias, quedarán validamente constituídas en primeira convocatoria cando a elas concorran presentes ou representados a maioría dos socios e, en segunda convocatoria calquera que sexa o número de socios concurrentes.
- 2.- Os acordos adoptados obrigarán a tódolos socios, incluso ós non asistentes. Os acordos acreditaranse mediante certificacións expedidas polo Secretario co Vº e Pr. do Presidente.
- 3.- Tanto en primeira como en segunda convocatoria deberá cumprirse que os votos do sector privado representen máis do 50 % dos votos totais, presentes ou representados, para que as asembleas estean válidamente constituídas.

Artigo 16.-

Son facultades da Asemblea Xeral ordinaria:

1. Aproba-lo plan de actividades.
2. Examinar e aproba-las contas e balances do exercicio económico.
3. Aproba-los orzamentos de ingresos e gastos para cada exercicio.

Artigo 17.-

Corresponde a Asemblea Xeral extraordinaria:

1. Modifica-los estatutos da asociación.
2. Disolución da Asociación.
3. Disposición, alleamento gravame ou hipoteca de bens sociais.
4. Constitución de Federacións ou integración nelas.
5. Designación de liquidadores.
6. Ratifica-la expulsión de socios proposta pola Xunta Directiva.
7. Solicita-la declaración de utilidade pública.
8. Aproba-lo regulamento de réxime interno, no seu caso.

Artigo 18.-

1.- A Xunta Directiva é o órgano administrativo con facultades xestoras, executivas e de representación da Asociación.

Sinaturas



2.- A Xunta Directiva da Asociación estará formada polos socios elixidos e revocados polos integrantes de cada Mesa Sectorial, en función da representación que a asemblea outorgue a cada unha de elas. De entre eles elixiranse os cargos de Presidente, Vicepresidente, Secretario e Tesoureiro. Os cargos da Xunta Directiva e os dos demais órganos da asociación serán gratuítos e o seu mandato terá unha duración de catro anos.

Estes poderán causar baixa por renuncia voluntaria comunicada por escrito a la Xunta Directiva, por incumprimento de las obrigas que tiveran encomendadas e por expiración do mandato.

Os membros de la Xunta Directiva que esgotaran o prazo para o cal foron elixidos, continuarán ostentando os seus cargos hasta o momento en que se produza a aceptación dos que o substitúan.

3.- Os membros da Xunta Directiva que representen ás entidades públicas serán nomeados polas administracións ás que representan, sen prexuízo de renovación por cese no cargo.

4.- Compete á Xunta Directiva:

- a) Executa-los acordos da Asemblea Xeral.
- b) Adoptar e executa-las accións de goberno e administración da Asociación.
- c) Adoptar cantas medidas foran precisas para o cumprimento dos fins estatutarios e, en xeral, a boa marcha da Asociación.
- d) Elaborar para a súa presentación en Asemblea o informe económico anual, así como o orzamento, memoria e plano de actividades.
- e) Interpreta-los preceptos contidos nos estatutos ou nos regulamentos ou normativas internas, no seu caso.
- f) Organizar e coordina-las actividades e distribuí-los traballos e responsabilidades entre os asociados.
- g) Acorda-la contía das cotas de ingreso e periódicas e a súa forma de pago.
- h) Elaborar, no seu caso, os regulamentos ou normas internas.
- i) A admisión de socios.
- j) Cantas deriven da lexislación ou estatutos e, en xeral, cantas facultades non estean reservadas por aquelas ou por estes a outros órganos sociais, así como as delegadas pola Asemblea Xeral.

Artigo 19.-

A Xunta Directiva reunirse en calquera momento mediante convocatoria do Presidente por propia iniciativa ou a instancia dun tercio dos seus membros. Á mesma tamén poderán asistir, con voz pero sen voto, persoas alleas á xunta directiva cuxo asesoramento ou opinión técnica poida ser de interese para a adopción dos acordos. Quedará constituída cando asistan a metade dos seus membros en primeira convocatoria e para que os seus acordos sexan válidos deberán ser tomados por maioría simple de votos. En tódolos casos os membros do sector privado deberán representar máis do 50 % dos votos totais. A Xunta Directiva podrá celebrarse en segunda convocatoria transcurrida media hora dende a primeira sempre que concurran, presentes ou representados, alomenos sete dos seus membros.

Artigo 20.-

O Presidente asume a representación legal da asociación a tódolos efectos, tanto en xuízo coma fora del, con voto de calidade en caso de empate. Terá como funcións:

- a) Dirixir, ordenar e arbitrar os debates da Xunta Directiva, así como convocar as súas reunións, presidilas e fixar o orde do día.
- b) Ordenar os gastos e pagos da entidade, asinando xunto co tesoureiro.

Sinaturas



- c) Autorizar coa súa sinatura os escritos e comunicacións necesarios para o funcionamento da asociación, así como visar os documentos autorizados polo secretario, especialmente si teñen o carácter de certificacións.
- d) Asumir e realizar tantas encomendas como lle sexan encargadas por acordo da Xunta Directiva ou da Asemblea Xeral.
- e) Visar as actas da reunión e vixiar a execución dos acordos adoptados.
- f) Todas aquelas funcións que lle sexan atribuídas no Regulamento de Réxime Interno.
- g) Subscribir contratos a nome da Asociación, outorgar poderes a terceiros, interpoñer reclamacións ante a vía gubernativa e ante a xurisdicción ordinaria e as especiais, aceptar donativos, legados e herencias, exercitar accións e opoñer excepcións.
- h) Coordinar todas as actividades que constitúen o obxecto da Asociación.
- i) Exercer a xefatura do cadro de persoal da entidade,

Artigo 21.-

O Vicepresidente, en ausencia do presidente, exercerá todas as funcións e atribucións encomendadas a aquel.

Artigo 22.-

Ó Secretario lle corresponden as seguintes funcións:

- a) Actuar exercendo como tal en tódalas reunións,
- b) Custodiar os Libros de actas e documentación da asociación, excepto os Libros de Contabilidade, selos e o ficheiro da Asociación,
- c) Dirixir, organizar e coordinar o desenvolvemento das actividades administrativas da entidade,
- d) Redactar e anotar nos libros correspondentes as actas das reunións da Xunta Directiva e da Asemblea Xeral, así como expedir certificacións dos mesmos co visto e prace do Presidente,
- e) Levar a correspondencia ordinaria e levar o rexistro e o ficheiro,
- f) Executar os acordos estatutariamente adoptados, baixo a supervisión do Presidente,
- g) Redactar a memoria anual da Asociación,
- h) Todas aquelas que lle sexan atribuídas no Regulamento de Réxime Interno.

Artigo 23.-

Ó Tesoureiro lle corresponderán as seguintes funcións:

- a) Recadar os fondos para a Asociación, custodialos e investilos segundo se acordara na Xunta Directiva,
- b) Efectuar os pagos acordados polo Presidente,
- c) Dirixir e ordenar a contabilidade, así como velar pola orde económica da asociación,
- d) Elaborar o orzamento anual de ingresos e gastos,
- e) preparar os balances, inventario e presuposto da Asociación para a súa aprobación pola Asemblea,
- f) Todas aquelas que lle sexan atribuídas no Regulamento de Réxime Interno.



Asociación de Desenvolvemento
da Comarca de Bergantiños

Artigo 24.-

Os socios integrados na Asemblea Xeral organizaranse en nove mesas sectoriais, organizadas en torno ós seguintes colectivos:

- 1) Sector Institucional
- 2) Sector agrario, gandeiro e forestal.
- 3) Sector de turismo e hostalería.
- 4) Asociación de Empresarios Multisectoriais e entidades ou persoas non contemplados en outras mesas.
- 5) Asociación de Mulleres.
- 6) Asociacións xuvenís.
- 7) Asociacións Deportivas, Recreativas, Caza e Pesca, de Veciños, Culturais.
- 8) Artesanía.
- 9) Actividades do mar.

As Mesas Sectoriais teñen como finalidade dinamizar sectorialmente ós actores locais implicados no desenvolvemento do territorio, e servir de canle informativo das actividades da asociación. Nas Mesas Sectoriais porase en común a problemática do sector ó que representen e as actuacións de mellora, proxectos, iniciativas... que o sector poida concibir. Os representantes das Mesas na Xunta Directiva, excepto os do sector institucional, serán ratificados pola Asemblea Xeral a proposta de cada Mesa.

Artigo 25.-

As vacantes que se puderan producir durante o mandato de calquera dos membros da Xunta Directiva será cuberta provisionalmente entre ditos membros hasta a elección definitiva pola Mesa Sectorial Correspondente.

Artigo 26.-

A Comisión Permanente estará constituída polo Presidente, Vicepresidente, Secretario e Tesoureiro da Xunta Directiva.

As súas funcións serán tódalas delegadas especificamente pola Xunta Directiva, e reunirse cando sexa necesario.

TÍTULO VI: RÉXIME ECONÓMICO

Artigo 27.-

1.- A asociación terá patrimonio propio, que estará constituído polos ingresos provenientes de:

- a) Achegas económicas dos socios.
- b) Doazóns ou subvencións.
- c) Resultados económicos que se poidan producir polas actividades organizadas pola entidade, co fin de recadar fondos.
- d) Outros ingresos calesqueira permitidos pola lexislación vixente.

2.- A contía das cotas e contribucións dos socios será proposta pola Xunta Directiva e aprobada en Asemblea Xeral que determinará así mesmo a maneira en que se farán efectivas.

3.- No momento da súa constitución, a Asociación carece de patrimonio fundacional.

4.- Non se establece límite algún para o presuposto anual.

Artigo 28.-

Sinaturas



Asociación de Desenvolvemento
da Comarca de Bergantiños

El ejercicio asociativo y económico será anual y su cierre tendrá lugar el 31 de diciembre de cada año.

TÍTULO VII: DISOLUCIÓN DA ASOCIACIÓN

Artigo 29.-

1.- A Asociación establécese por tempo indefinido e poderá disolverse, no seu caso, por sentenza xudicial, por acordo de dous tercios dos socios tomado en Asemblea Xeral convocada ó efecto, por carecer de recursos económicos para cubrir os gastos máis elementais, por haber realizado o fin para o que se constituíu ,e polas demais causas que determina a Lei. Disoluta a Asociación procederase á súa liquidación.

2.- Se non se acordase outra cousa na Asemblea Xeral, actuarán como liquidadores tres dos membros da Xunta Directiva, nomeados para esta función pola propia Xunta.

3.- A comisión liquidadora farase cargo do patrimonio existente e satisfará as obrigas pendentes, se as houbera. O remanente, no caso de que exista, será entregado a calquera entidade legalmente constituída que se dedique a idénticos fins ou, no seu defecto, análogos ós desta Asociación.

DISPOSICION ADICIONAL

En todo canto non esté previsto nos presentes Estatutos aplicárase a vixente Lei Orgánica 1/2002, do 22 de marzo, reguladora do Dereito de Asociación, e as disposicións complementarias.

D José Manuel López Varela, Secretario da Asociación a que se refiren estes Estatutos, CERTIFICA: que os presentes Estatutos foron modificados, por acordo da Asemblea Xeral Extraordinaria de asociados de data 26 de xuño de 2008.

En Buño, a 26 de xuño de 2008.

Asdo.: José Manuel López Varela
O Secretario

Vº. Bº.
Asdo.: D. Evencio Ferrero Rodríguez.
O Presidente

Sinaturas